

# PLAN DE ORIENTACIÓN ANUAL

IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ

CURSO 2022/23

## INTRODUCCIÓN

### 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

- 1.1. Datos de identificación.
- 1.2. Funcionamento.
- 1.3. Contextualización.
- 1.4. Oferta educativa

### 2. MARCO TEÓRICO.

### 3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.

- 3.1. Avaliación de necesidades.
- 3.2. Obxectivos xerais.
- 3.3. Liñas prioritarias de actuación.

### 4. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.

- 4.1. Plan de apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- 4.2. Plan de Acción Titorial.
- 4.3. Plan de Orientación Académico e Profesional.

### 5. METODOLOXÍA.

### 6. RECURSOS EMPREGADOS.

### 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

### 8. TEMPORALIZACIÓN.

### 9. AVALIACIÓN

## INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

O Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 24 de xullo (DOG 31) que o desenvolve, xunto co Decreto 229/2011, regulan e dan coherencia á organización e funcionamento dos servizos de orientación.

Enténdemos pois a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado ata rematar as ensinanzas non universitarias. Este proceso abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos a ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino- aprendizaxe e á toma de decisións.

Os departamentos de orientación posibilitarán que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre os diferentes profesionais.

Para concretar estas liñas de actuación, tomarase como referencia, ademais da normativa anterior:

- Circular 18/2007 pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares en Galicia para o curso 2007/08 e sucesivos.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de Atención á Diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

## 1.XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 1.1.Datos de identificación do departamento.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que formarán parte do Departamento de Orientación os seguintes membros:

- |                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| - Muíños Pan, Elena                 | Titora ámbito científico- matemático      |
| - Rivas Díaz, María Amalia          | Profesora Formación e Orientación Laboral |
| - Rodríguez Izquierdo, María Teresa | Profesora de Pedagogía Terapéutica        |
| - Rodríguez Otero, Susana           | Orientadora                               |
| - Seoane Sanchez, María José        | Xefa do Departamento                      |
| - Vereza Castelo, Ánxeles           | Titora ámbito lingüístico- social         |
- Centro Adscritos ( CEIP Concepción Arenal)
- |                       |                      |
|-----------------------|----------------------|
| - Flecha Conde, Shyra | Xefa do Departamento |
|-----------------------|----------------------|

### 1.2.Funcionamento.

- Reunión mensual cos membros con destino definitivo do Departamento de Orientación para coordinación e seguimento do POA (art. 13,Orde 24 de xullo de 1998).
- Reunión trimestral con todos os membros do departamento con destino definitivo.
- Reunión semanal entre profesorado de pedagogía terapéutica e orientadoras.
- As sesións de coordinación co profesorado titor queda reflectida no cadro horario das dúas orientadoras do centro.
- Manteranse contactos cos equipos externos ao centro: Equipo de Orientación Específico, Servizos Sociais do Concello, servizos sanitarios, Axente Titor, e con aqueles organismos e institucións que sexan necesarios para o desenvolvemento das actuacións do departamento.

### 1.3.- Contextualización.

O IES Fernando Wirtz está situado dentro dun contexto urbano, nunha das vías de entrada a cidade moi próximo á estación de tren e a de autobuses. A súa situación estratéxica favorece a asistencia ao centro de alumnado non só da cidade, senón tamén das comarcas veciñas, especialmente na etapa de formación profesional.

#### 1.4. Oferta educativa.

| ENSINO   | CURSO   |
|--|---|
| ESO  | 1º Educación Secundaria Obrigatoria.<br>2º Educación Secundaria Obrigatoria/2º Programa de Mellora da aprendizaxe.<br>3º Educación Secundaria Obrigatoria /3º Programa de Mellora da aprendizaxe.<br>4º Educación Secundaria Obrigatoria.   |
| Bacharelato<br>Réxime ordinario                                  | 1º e 2º. Ciencias e Tecnoloxía.<br>1º e 2º. Humanidades e Ciencias Sociais.   |
| Formación Profesional<br>Básica I. Réxime ordin.                 | 1º Informática e comunicacións<br>2º Informática e comunicación.  |
| Formación Profesional<br>Réxime ordinario                        | CM Sistemas microinformáticos e redes.<br>CM Xestión administrativa.<br>CS Administración de sistemas informáticos en rede.<br>CS Administración e Finanzas.<br>CS Asistencia á dirección ( horario de tarde)<br>CS Desenvolvemento de aplicacións web.<br>CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma ( horario de tarde). |
| Formación Profesional<br>Réxime persoas adultas<br>( Presencial) | ZM Xestión Administrativa.<br>ZS Administración e finanzas.<br>ZS Administración de sistemas informáticos en rede.<br>ZSA Desenvolvemento de aplicacións web.   |
| Formación Profesional<br>Réxime persoas adultas<br>(Distancia)   | ZMA Xestión administrativa .<br>ZSA Administración e finanzas.<br>ZSA Desenvolvemento de aplicacións web.<br>ZSA Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.  |
| Formación Profesional<br>Dual                                    | ZSA Desenvolvemento de aplicacións web.<br>ZSA Adminstración e Finanzas.  |
| Curso de<br>especialización                                      | Intelixencia artificial e big data Presencial.<br>Intelixencia artificial e big data Dual.  |

## 2. MARCO TEÓRICO.

As actuacións do departamento están baseadas no marco legislativo citado e nos principios recollidos no Decreto 120/1998, do 23 de abril e na Orde do 24 de xullo de 1998.

- A orientación forma parte do sistema educativo para favorecer a calidade da ensinanza: Titoría e Orientación do alumnado forma parte da función docente.
- As finalidades da educación son: transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.
- En consecuencia co anterior se propón unha educación comprensiva (para todos), terminal (ten un fin en si mesma) e propedéutica (prepara para futuros estudos).
- Garantirase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios.

- Ofrece unha atención individualizada e global: integra aspectos do desenvolvemento persoal, atención ao proceso de ensinanza- aprendizaxe e toma de decisións.
- Debe ser un proceso continuo: ofertarse aos alumnos nos distintos momentos e niveis da escolarización, dende os primeiros momentos para a prevención e detección temperá de dificultades, ata os momentos de especial relevancia como o cambio de etapa, elección de optativas.
- A Orientación debe estar aberta ao mundo laboral e ás necesidades do contexto.
- Debe promover a cooperación familia- escola e dinamizar aos axentes educativos.
- Debe capacitar ao alumno para a adquisición das competencias básicas.

Para responder a estes principios, o modelo de orientación será un modelo sistémico, a orientación estará incardinada dentro do centro e do currículo como un elemento máis.

As actuacións do departamento basearanse en dúas modalidades de intervención:

- No modelo de programas, cando sexa necesario abordar as necesidades antes de ser demandas polos suxeitos obxecto da intervención.
- No modelo de consulta, cando a demanda sexa manifestada ou requirida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados.

### **3.PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS.**

#### **3.1. Avaliación de necesidades.**

A avaliación inicial realizarase ao comezo do curso escolar, meses de setembro e outubro. Nesta primeira fase recollerase a información necesaria para planificar as actuacións relativas ao alumnado: revisión dos documentos do centro, Plan de Orientación e memoria do curso 2020/2021 coa finalidade de coñecer as actuacións previas e aquelas que xa iniciadas, esixan continuidade. A información ampliarase coas aportacións dos membros do departamento de orientación e as reunións cos titores/as e xefe de estudos.

Desta análise establécense as seguintes necesidades:

En relación ao alumnado:

- Continuar co desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Promover medidas que favorezan a convivencia e participación activa do alumnado no centro.
- Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral.
- Atención ao benestar emocional do alumnado.

En relación ao profesorado:

- Revisión, desenvolvemento e concreción do Plan de Acción Titorial.

- Seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e modificación se fose preciso.
- Formación para dar resposta á diversidade educativa presente no centro.

En relación ás familias:

- Establecer canles de comunicación efectivas cos pais.
- Colaboración xunto cos titores na información sobre as actividades académicas.
- Formación para a colaboración no proceso de ensino- aprendizaxe.

En relación ao centro:

- Colaborar nas posibles modificacións dos documentos internos do centro.
- Colaborar coas diferentes institucións do entorno.
- Asesorar en cuestións relativas ás adaptacións curriculares, intervención psicopedagóxica, e en xeral aos elementos globalizadores e personalizadores da ensinanza.

### 3.2. Obxectivos xerais.

- Desenvolver, coordinar e realizar seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade, do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académico e Profesional.
- Contribuír na organización pedagóxica do centro coas oportunas actuacións de cara á optimización do proceso de ensino- aprendizaxe e a mellora da súa calidade.
- Promover unha educación integradora, baseada na cooperación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Colaborar na busca de estratexias que promovan unha adecuada interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- Coordinar o centro con outras institucións públicas ou entidades privadas, especialmente aquelas do contorno social, naqueles aspectos que poidan contribuír a acadar unha mellor formación persoal, académica e profesional do alumnado.
- Optimizar o rendemento académico mediante o asesoramento ao alumnado ao longo de toda a súa escolarización con especial relevancia nos momentos de transición.
- Aportar competencia psicopedagóxica á acción educativa do centro, proporcionando apoio técnico ás funcións de orientación, reforzo da titoría e docencia en xeral.

### 3.3 Liñas prioritarias de actuación.

*Actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade, aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, motivación e intereses, e contribuír á elaboración das medidas pertinentes, en especial no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo, a través da:*

- Identificación temperá de necesidades. Deseñar, en colaboración co profesorado, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas de carácter preventivo e compensador ás necesidades educativas específicas.
- Detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento derivadas da situación de pandemia e dotar de recursos para o acompañamento e intervención.
- Contribución á mellora do rendemento do alumnado nas competencias básicas, con especial atención á competencia en comunicación lingüística e á competencia matemática.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro.
- Coordinación cos xefatura do departamento de orientación do centro adscrito coa finalidade de facilitar o tránsito entre etapas educativas.

*Desenvolver o plan de acción titorial, especialmente no referido a:*

- Desenvolvemento da acción titorial.
- Incorporación de contidos relacionados con habilidades sociais, autoestima, resolución pacífica de conflitos, igualdade entre sexos.
- Mellora e promoción da convivencia escolar

*Asesorar aos alumnos sobre os diferentes itinerarios académicos e profesionais, permitíndolles tomar unha decisión sobre o seu futuro académico dunha forma responsable e consciente.*

- Axudar ao alumnado na adquisición dun maior coñecemento de si mesmo: posibilidades, aptitudes, características persoais.
- Informar sobre a oferta educativa.
- Facilitar aos alumnos coñecementos sobre o mundo socio- laboral.
- Asesorar aos alumnos en situación de risco ou abandono escolar.

*Proposta de medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperá dos estudos.*

- Colaborar cos Servizos Sociais do Concello.
- Participación en programas específicos ofertados pola consellería de apoio e reforzo de competencias básicas.



#### 4. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.

Os ámbitos de intervención da acción orientadora basearanse en tres pilares básicos:

- Apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de Orientación Académico Profesional.

##### 4.1. Apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo

| <b>Obxectivos</b> |  |
|-------------------|--|
|                   | <p>Alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Valorar as necesidades no ámbito da orientación educativa e profesional, de acordo, no seu caso, coas directrices formuladas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.</li><li>- Participar no deseño e posta en funcionamento de medidas de tipo curricular de atención á diversidade: reforzos educativos, desdobramentos, adaptacións curriculares, programas de mellora da aprendizaxe...</li><li>- Revisar os documentos do departamento así como dos expedientes do alumnado coa finalidade de deseñar estratexias e optimizar os recursos do centro en relación ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.</li><li>- Incorporar medidas educativas de reforzo relacionadas coas necesidades de acompañamento derivadas da situación de confinamento.</li><li>- Seguimento e avaliación do funcionamento das medidas adoptadas.</li><li>- Difusión dos protocolos establecidos por parte da consellería.</li></ul> <p>Familias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Recabar información sobre os aspectos relevantes do proceso educativo.</li><li>- Información e orientación sobre as necesidades educativas das súas fillas e fillos.</li><li>- Información e orientación sobre optatividade, estudos posteriores, saídas profesionais.</li><li>- Implicar ás familias na resposta educativa en relación ás necesidades educativas que poidan presentar os seus fillos e fillas.</li></ul> <p>Profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Colaborar na detección de alumnado con necesidades específicas de apoio e asesoralos na resposta educativa máis axeitada.</li><li>- Facilitar información sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica do</li></ul> |

|                        |   |
|------------------------|---|
|                        | <p>alumnado que a precisen.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proporcionar recursos e o apoio técnico necesario para o desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.</li> <li>- Colaborar na coordinación entre a profesora de pedagogía terapéutica e o profesorado das diferentes áreas ou materias.</li> <li>- Asesorar en materia de avaliación e promoción do alumnado.</li> </ul>  |
| <b>Contidos</b>        | <b>Actividades</b>  |
| <b>Temporalización</b> |   |
| Medidas preventivas    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación cos departamentos de orientación dos centros de procedencia do alumnado coa finalidade de recabar información actualizada.</li> <li>- Asesoramento aos departamentos didácticos sobre criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, secuenciación de obxectivos e contidos, na elaboración de adaptacións curriculares.</li> <li>- Colaboración co profesorado na selección e elaboración de material didáctico adaptado ás necesidades do alumnado.</li> <li>- Contribución á realización da avaliación inicial do alumnado que inclúa aspectos persoais, valoración das capacidades e intereses, que permitan detectar situacións de risco.</li> </ul>  |
| 1º trimestre           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización do departamento de orientación: horarios, horario do profesorado de apoio, distribución de espazos, análise de recursos, etc.</li> <li>- Revisión dos informes psicopedagóxicos do alumnado e expedientes.</li> <li>- Colaboración na coordinación da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais entre o profesorado de apoio e o de aula.</li> <li>- Provisión do material (psicopedagóxico, didáctico) para o departamento.</li> <li>- Entrevistas co alumnado procedente do estranxeiro e as súas familias.</li> <li>- Atención directa ao alumnado para axudar a superar as dificultades que presentan.</li> <li>- Detección de dificultades a través da actuación directa cos titores.</li> <li>- Coordinación con titores para establecer canles de atención a familias.</li> <li>- Colaboración na elaboración, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares.</li> </ul> |
| 2º trimestre           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración con servizos externos de orientación e inspección educativa.</li> </ul>   |

|              |   |
|--------------|---|
| 3º trimestre | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proposta de modificacións dos apoios segundo os resultados da primeira avaliación.</li> <li>- Seguimento das medidas organizativas de atención á diversidade.</li> <li>- Colaboración co profesorado no seguimento das adaptacións curriculares.</li> <li>- Reunións periódicas cos servizos sociais de cara a realizar o seguimento do alumnado en risco de abandono escolar.</li> <li>- Posta en marcha de actuacións co alumnado que se incorpora de forma tardía ao centro.</li> <br/> <li>- Valoración dos resultados académicos da segunda avaliación.</li> <li>- Propostas de modificacións nos apoios segundo os resultados da segunda avaliación.</li> <li>- Seguimento das medidas de atención á diversidade do centro.</li> <li>- Atención aos casos de alumnado en grave risco de abandono escolar e proposta de medidas.</li> <li>- Contacto coas familias para orientar segundo os resultados obtidos nas diferentes avaliacións.</li> </ul> |
|--------------|---|

#### 4.2. Plan de acción titorial.

|                   |  |
|-------------------|--|
| <b>Obxectivos</b> | <p>Alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acoller ao alumnado, especialmente o de nova incorporación, creando un clima de confianza e coñecemento do grupo clase.</li> <li>- Acoller ao alumnado tendo en conta as diferentes situacións vividas derivadas do confinamento, axudándoos a xestionar os seus sentimentos mediante actividades de xestión emocional.</li> <li>- Facilitar a intervención das alumnas e alumnos a través da actividade titorial, así como a súa inserción na dinámica escolar.</li> <li>- Afianzar hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma.</li> <li>- Promover nas titorías actividades relacionadas coa convivencia, respecto á diversidade, igualdade e prevención do acoso escolar.</li> <li>- Atención individual ao alumnado que o necesite, para axudarlles na resolución ou derivación de casos que afecten á súas relacións sociais ou desenvolvemento persoal.</li> </ul> <p>Familias:</p> |
|-------------------|--|

|   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Impulsar a relación coas familias e a súa participación co centro.</li> <li>- Orientar ás familias de forma individual e colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación das súas fillas e fillos.</li> <li>- Intervir, se é preciso e complementando a acción do titor, naqueles casos que así o requiran.</li> </ul> <p>Profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Facilitar instrumentos de observación e de coñecemento das características do alumnado e, en xeral, para o desempeño da acción titorial.</li> <li>- Proporcionar materiais e apoios para o desenvolvemento da acción titorial e dos programas propostos para este curso. Neste aspecto, prestaremos especial atención á incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, resolución pacífica de conflitos e a igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Colaborar cos titores e titoras na resposta a cuestións de interese que xurdan en cada un dos grupos e niveis educativos.</li> <li>- Participación nas sesións de avaliación.</li> </ul> |
|---|---|
| <b>Contidos</b><br><b>Temporalización</b>   | <b>Actividades</b>  |
| <p>1º trimestre</p> <p>Acollida e integración de alumnos.</p> <p>2º trimestre</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación do titor e alumnado.</li> <li>- Explicación das características e contidos da etapa e curso.</li> <li>- Dinámica de grupos para facilitar a integración.</li> <li>- Organización do grupo: normas da aula, do centro, NOF, dereitos e deberes dos alumnos, horario, cargos, responsabilidades.</li> <li>- Presentación do centro: dependencias e servizos, estrutura organizativa.</li> <li>- Fomento da participación activa, crítica e responsable do alumnado na vida do centro: elección de delegado, participación en actividades vinculadas á vida do centro.</li> <li>- Coñecemento do alumnado, motivacións, intereses.</li> <li>- Acompañamento no proceso de crecemento persoal tendo en conta de maneira moi específica a situación derivada da pandemia.</li> <li>- Favorecer o desenvolvemento da identidade persoal: imaxe positiva dun mesmo, autoeficacia, autoestima e o progreso en habilidades sociais, así como a resolución de conflitos.</li> <li>- Poñer en marcha os programas educativos para o primeiro trimestre.</li> </ul>                       |

|  |   |
|--|---|
| <p>Desenrolo da madurez persoal</p> <p>3º trimestre</p> <p>Orientación académico profesional</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración co profesorado na reflexión e valoración dos resultados da primeira avaliación.</li> <li>- Materiais de apoio ás sesións de tutoría dos diferentes niveis.</li> <li>- Participación no seguimento dos programas de intervención que están en marcha: programa de hábitos de vida saudables, convivencia, habilidades interpersoais e emocionais, prevención de condutas de risco, programa de igualdade de xénero.</li> <li>- Valoración coas titoras e titores dos resultados da segunda avaliación.</li> <li>- Participar e proporcionar materiais para a avaliación da acción tutorial.</li> <li>- Favorecer a toma de decisións fundamentada e responsable en relación co futuro académico e profesional.</li> <li>- Información sobre o sistema educativo. Materias do currículo, convalidacións, condicións de acceso, posibles itinerarios alternativos, becas...</li> <li>- Desenrolo do coñecemento básico sobre potencialidades e intereses, relación entre as dúas e a elección profesional.</li> <li>- Coñecemento básico das profesións e ocupacións. Situación e perspectivas previsibles nas distintas profesións.</li> <li>- Avaliación dos programas desenvolvidos no centro durante o presente curso: valoración sobre a súa continuidade e a súa mellora.</li> </ul> |
|--|---|

#### 4.3. Plan de Orientación Académico Profesional

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <p><b>Obxectivos</b></p> | <p>Alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestar axuda no proceso de toma de decisións, preparando progresivamente ao alumnado para que sexan capaces de elixir o itinerario que responda aos seus intereses e aptitudes.</li> <li>- Potenciar accións encamiñadas ao coñecemento de si mesmos e desenvolvemento da autoestima.</li> <li>- Afianzar hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma.</li> <li>- Asesorar de forma individualizada a alumnas e alumnos no coñecemento dos itinerarios educativos e socio- laborais, especialmente ao remate de cada etapa educativa.</li> </ul> |
|--------------------------|--|

|  |  |
|--|--|
|  | <p>Familias</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Impulsar a súa participación no proceso da toma de decisións académicas e profesionais das súas fillas e fillos, así como no proceso de transición á vida activa.</li> </ul>  |
| <p><b>Contidos</b></p> <p><b>Temporalización</b></p> | <p><b>Actividades</b></p>  |
| <p>1º trimestre</p> <p>Coñecemento</p>               | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Obtención de información sobre a características do alumnado e aptitudes coa finalidade de proporcionarlles unha axeitada orientación mediante entrevistas directas ou cos titores.</li> <li>- Detección de posibles problemas de adaptación e integración social do alumnado en tódolos ámbitos (académico, vocacional,...) e as súas causas.</li> <li>- Propiciar mediante técnicas individuais, que o alumno coñeza, e en calquera caso acepte, as súas auténticas capacidades e trazos de personalidade.</li> <li>- Facilitar que o alumnado con idades, formación previa, intereses, necesidades educativas, e características persoais diversas atope no sistema educativo e laboral, e nas opcións ofrecidas no centro, un camiño axeitado á consecución das súas metas</li> </ul> |
| <p>2º trimestre</p> <p>Madurez vocacional</p>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proporcionar información sobre os distintos itinerarios académicos e sobre a situación actual e as novas tendencias do traballo</li> <li>- Orientar ao alumnado e as persoas que o soliciten para que sexan capaces de elaborar os seus propios itinerarios formativos a partir da información e o asesoramento recibidos</li> <li>- Espertar no alumnado inquietude e interese polo mundo laboral e sobre as distintas saídas ocupacionais e profesionais.</li> <li>- Fomentar e apoiar o espírito emprendedor do alumnado do centro, que coñeza as posibilidades de autoemprego e con que recursos pode contar</li> <li>- Proporcionar información ao alumnado en risco de abandono escolar.</li> </ul>   |
| <p>3º trimestre</p> <p>Toma decisións</p>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Favorecer procesos de madurez vocacional.</li> <li>- Deseñar a orientación académica e profesional de forma continua, dando especial importancia aos “ momentos críticos” e a cristalización vocacional.</li> <li>- Asesoramento individual ao alumnado que o solicite especialmente a aquel que se atopa en grave risco de abandono escolar.</li> </ul>  |

|  |  |
|--|--|
|  | <ul style="list-style-type: none"><li>- Asesoramento ao alumnado que cumpra os requisitos de idade sobre as probas de acceso ós ciclos formativos medios e superiores.</li><li>- Orientar ao alumnado cara os ciclos formativos que mellor se adapten ás súas circunstancias persoais, de maneira que a opción elixida lles permita superar os obxectivos dos módulos profesionais e terminar a totalidade do ciclo formativo.</li><li>- Orientar cara á definición dos itinerarios formativos e profesionais que mellor se adapten aos intereses e circunstancias persoais, axustando expectativas e preferencias, e identificando metas profesionais.</li><li>- Aproveitar os recursos que os organismos e entidades ofrecen e que sexan de utilidade para o alumnado, profesorado e o propio centro.</li><li>- Manter actualizada a información e as técnicas eficaces de orientación.</li><li>- Materiais de apoio para a titoría sobre perfís e preferencias profesionais.</li><li>- Incrementar as posibilidades do alumnado titulado no noso centro de acceder ao mercado laboral</li><li>- Ofrecer información e orientación sobre a natureza e as fases do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, o acceso a el, as acreditacións oficiais que se poden obter e os efectos delas, facilitando a toma dunha decisión fundamentada sobre a participación no procedemento así como, de ser o caso, o acompañamento necesario no seu inicio e desenvolvemento.</li></ul> |
|--|--|

## 5. METODOLOXÍA.

Todas as actuacións estarán debidamente incardinadas no funcionamento do centro e no proceso de ensino aprendizaxe, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as liñas de actuación do proxecto do centro. Intervirase dende os diferentes niveis nos que se estrutura a orientación: a nivel de aula con titores e profesorado; a nivel de centro polas actuacións específicas do departamento e a nivel de sector, con todos aqueles servizos externos, como os equipos de orientación específicos, centros de recursos, centros específicos e a inspección educativa, para integrar as actuacións no contexto.

A cooperación coas familias será imprescindible, informando de todos os recursos educativos e sociais dos que se dispón e tratándoas de implicar no proceso de ensino aprendizaxe das súas fillas e fillos.

## 6. RECURSOS.

Recursos persoais. O desenvolvemento deste plan precisa do imprescindible apoio de todos os membros da comunidade educativa. Mención especial merece o traballo do equipo de titores e xefes de departamento, xunto coa colaboración do equipo directivo. Contarase tamén coa colaboración doutros servizos e institucións tales como servizos educativos municipais, servizos sociais, ONGs e asociacións, Cámara de Comercio, Centro Municipal de Emprego, institucións vinculadas á universidade...

Recursos materiais. Utilizaranse os recursos vinculados ás tecnoloxías da información e da comunicación e programas de asesoramento informático. Así mesmo, utilizaranse materiais propios departamento ( probas estandarizadas, cuestionarios, materiais de apoio e reforzo da atención, razoamento, memoria...), xunto co material didáctico que se adquira segundo sexan as necesidades educativas do alumnado concreto ao que vai dirixido.

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A planificación inicial das actividades pode verse modificada pola incorporación daquelas que se oferten ao longo do curso e que sexan de interese para o alumnado.

Solicitáronse os seguintes programas.

- Participación nos programas educativos organizados polo Concello de A Coruña en colaboración cos diferentes departamentos.

Servizos Sociais:

Todos contamos I,II: Prevención do consumo de drogas.

Prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos.

Habilidades sociais fronte as drogas.

Prevención de hábitos nocivos asociados ao comezo do consumo.

Prevención, abordaxe e xestión de conflitos.

A que tren te sobes? Prevención do consumo de tabaco e alcol.

As redes e as súas redes. Riscos asociados a internet.

Igualdade e Diversidade

Educación afectivo sexual.

Consumo responsable.

Charlas impartidas pola OMIC: Comercio xusto, Dereitos das persoas consumidoras,

Reclamar na OMIC, Publicidade nos medios, Seguridade na internet ( ESO, BAC, FPB).

Información do Centro Xuvenil

Programas Antenas informativas.

Orientación académica profesional.

Xornadas de Orientación Académico e Profesional.

Participación feiras sobre estudos e formación ( UNITOUR).



- Organización de xornadas de información académica en colaboración con diferentes institucións.

## 8. TEMPORALIZACIÓN

A avaliación inicial de necesidades e o deseño do Plan de Orientación realizase no mes de setembro. A posta en práctica do plan e o seu seguimento iniciarase en outubro previsiblemente. A programación do tempo se especifica para cada actividade en cada un dos ámbitos de intervención sen embargo, atenderanse puntualmente aquelas necesidades prioritarias que se presenten ou demanden ao longo do curso, tendo en conta as prioridades educativas, persoais e de formación dos alumnos.

A avaliación final, propostas de mellora e comunicación de resultados realizarase no mes de xuño e concretaras na memoria final do curso.

## 9. AVALIACIÓN.

A avaliación do plan de orientación é fundamental xa que permite coñecer o grao de consecución dos obxectivos fixados e as conclusións extraídas servirán para modificar aqueles aspectos a mellorar.

Contémpanse tres momentos:

- *Avaliación inicial:* avaliación de necesidades.
- *Avaliación do proceso:* Durante o curso, recollida de información a través das reunións periódicas do departamento, analizando logros, dificultades e validez do propio programa (adequación de actividades, recursos, tempos e espazos...) para propoñer os cambios necesarios.
- *Avaliación final e comunicación de resultados:* Ao finalizar o curso, realización da memoria anual cos datos aportados.

Os recursos empregados para a avaliación serán todos aqueles que aporten información válida sobre o desenrolo do plan e permitan detectar dificultades. Entre outras a observación directa e reflexión sobre a propia práctica de todos os implicado, entrevistas e reunións.

A Coruña , a 12 de setembro de 2022

A Xefa do Departamento

Asdo.: M<sup>a</sup> José Seoane Sánchez